

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) – PROMOCIÓN INTERNA

SESIÓN Nº 1 07/04/2025 VALORACIÓN CONCURSO

Tribunal de selección de conformidade ca Resolución de alcaldía DECRETO 2025-0360 de data 13/03/2025 MIÉRCOLES, 19 DE MARZO DE 2025 | BOP NÚMERO 53

Terceiro.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, que estará composto polos seguintes membros, aos que se convoca para proceder á súa constitución e ó inicio do proceso selectivo coa valoración de méritos da fase do concurso o día 24 de marzo de 2025 ás 09,30 horas na sala de xuntas da Casa Consistorial do Concello de Boiro:

Presidente: José Manuel Álvarez López (Inspector Policía Local Concello de Santiago).

Secretaria: Ángela Viqueira Allo (Secretaria Concello de Boiro).

Vogais:

José Luís Caamaño Domínguez (Oficial Policía Local Concello de Carballo).

Mª José Vieitez Oitaben (Oficial Policía Local Concello de Vigo).

Mª Teresa Salgado González (Oficial Policía Local Concello de Vigo).

Sendo as 10:00 horas do día 07/04/2025, baixo a presidencia de don José Manuel Álvarez López, reúnen os membros do tribunal titular designado para o proceso de selección sinalado aos efectos de proceder á constitución do órgano colexiado.

Considerando as Bases reguladoras do proceso de selección, concretamente á referente á fase de concurso que reza:

12ª.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

FASE DE CONCURSO.

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, para o cal se acompañarán á instancia os documentos xustificativos (orixinais ou copias electrónicas) que consideren oportunos. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, na data de finalización do prazo de presentación das instancias.

Non obstante, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponderá unha porcentaxe máxima do 40% da puntuación máxima total, incluída a da oposición, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poderán conseguir, ao cal se lle outorgarán os catro puntos. Proporcionalmente asignaráselle a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

E considerando a documentación entregada a este tribunal polo departamento de persoal do concello de Boiro respecto aos aspirantes admitidos, iniciase o exame e a valoración da mesma:

Primeiro.- Declarar definitivamente admitidas no concurso-oposición convocado por resolución de alcaldía de data 30/12/2024, que rexe o procedemento do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas prazas de oficial de policía local (funcionario de carreira) por promoción interna correspondentes ás ofertas de emprego público do Concello de Boiro de 2023 e 2024, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

Nº	Nome	Proba galego
1	FRANCISCO JOSÉ ALCALDE LAÍÑO	Exento
2	RAMÓN RAÚL FRIEIRO ROMERO	Exento

Suspéndese a sesión de data de 07/04/2025 as 14:00 horas por motivos laborais dos membros do tribunal acordando por unanimidade reunirse para continuar ca fase de valoración en data de 09/04/2025 ás 17:00 horas no Salón de plenos da Casa Consistorial.

SESIÓN Nº 2 09/04/2025 VALORACIÓN CONCURSO

Os membros do tribunal titular reúnense ás 17:00 horas do día indicado retomando á valoración do concurso do proceso de provisión, acadando os aspirantes admitidos a seguinte valoración:

DN I	APELIDOS E NOME	A.1. Titulacións académicas	A.2. Antigüidade	A.3. Formación e docencia. A.3.1. Formación profesional continua: A.3.2. Docencia:	A.4. Distincións e recompensas oficiais.	A.5. Idiomas	A.6. Lingua galega.	A.7.- Exercicio de dereitos de conciliación
657	FRANCISCO JOSÉ ALCALDE LAÍÑO	2.0	3.6	8.0	0.0	0.0	1.0	0.0
767	RAMÓN RAÚL FRIEIRO ROMERO	0.0	0.0	8.0	0.75	0.0	1.0	0.2

DNI	NOME E APELIDOS	TOTAL PUNTUACIÓN
657	FRANCISCO JOSÉ ALCALDE LAÍÑO	14.6
767	RAMÓN RAÚL FRIEIRO ROMERO	9.95

Considerando a base 13ª.- CUALIFICACIÓN FINAL

Previamente á fase de oposición, o tribunal procederá a baremación da fase de concurso e publicarao no taboleiro de anuncios do Concello, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación.

Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase á publicación definitiva no mesmo lugar.

Os aspirantes admitidos e valorados dispoñen de 10 días hábiles a partires do día seguinte á publicación da acta de valoración para efectuar as alegacións oportunas.

Presidente: José Manuel Álvarez López (Inspector Policía Local Concello de Santiago).



Secretaria: Ángela Viqueira Allo (Secretaria Concello de Boiro).



Vogais:

José Luís Caamaño Domínguez (Oficial Policía Local Concello de Carballo).

Mª José Vieitez Oitaben (Oficial Policía Local Concello de Vigo).

Mª Teresa Salgado González (Oficial Policía Local Concello de Vigo).



A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized loop on the left, a vertical stroke on the right, and a long horizontal tail extending to the right.